

# Bloque

Meis

Número 8. Época 2ª / Xuño 2010

“Os veciños e veciñas sufren a falta de saneamento e depuración, con instalacións que nunca funcionaron”

Impreso postal sen enderezo

## Resulta de escándalo a situación do saneamento de Meis

Nun pobo do século XXI é algo esencial ter unha rede de saneamento e de depuración das augas, é aínda unha utopía. Levamos anos sacando á luz a tomadura de pelo constante á que ten sometido o alcalde Pérez Estevez aos veciños e veciñas do noso concello, xa que estivo durante anos dicindo que tiñamos “as depuradoras máis modernas de Europa” e que funcionaban.

Porén, a crúa realidade é que despois de gastar centos de miles de euros de cartos públicos, só temos instalacións que non funcionan e inutilizadas. Algunhas non teñen os motores, carecen de enerxía eléctrica.... Un longo etcétera de anomalías e unha rede de saneamento practicamente inexistente.

Esta situación, que constitúe un problema de saúde pública e para o medioambiente, obrigou aos veciños e veciñas de Meis a expresar o seu



Ester Vázquez e Maricarme Rodiño, responsábel local e portavoz do BNG de Meis na depuradora de San Martiño

malestar pola falta de funcionamento da depuradora de San Martiño. O BNG tamén ven presentado dende hai anos reiteradas iniciativas no Concello denunciando o desleixo e a pasividade do goberno local e esixíndolle solucións, porque é unha obriga de todo Concello garantir que os residentes accedan aos servizos básicos, e unha rede de saneamento é un servizo fundamental e necesario. A resposta do alcalde sempre foi a mesma: asegurar que non era certo, que funcionaba moi ben e non había ningún problema. Porén, no Pleno do Concello do pasado mes de maio o alcalde recoñeceu que esa depuradora nunca funcionou

e que “se vai retirar” e, ademais, que os veciños e veciñas da zona terán que conectarse a Ribadumia. En definitiva, un verdadeiro embuste e tomadura de pelo aos veciños e veciñas que o desacreditan como alcalde.

Os vertidos sen depurar son a tónica constante no noso concello e o goberno local do único que pode presumir é de ter convertido Meis na cloaca do Salnés. O BNG esixe que o goberno local deixe de enganar aos veciños e veciñas e dote a Meis dunha rede de saneamento moderna, que chegue a todas as parroquias e cunha depuradora que funcione. É a súa obriga!



[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)

Edita: BNG Meis

## O goberno local do PP de Meis négalle ao BNG o uso das instalacións municipais

Ao BNG en Meis vézase o uso das instalacións municipais. Todas as solicitudes feitas co obxecto da celebración de reunións informativas cos veciños e veciñas do noso concello foron denegadas sistematicamente polo Goberno Municipal do PP, alegando que non permite o uso das mesmas para fins políticos. De feito, a última charla celebrada que versaba sobre a crise económica e as propostas alternativas do BNG tivo que celebrarse nun local privado.

A actividade propia dunha organización política, como é informar á cidadanía de asuntos do seu interese, constitúe un dereito fundamental que, con esta resolución, se limita e restrinxen de forma absolutamente inustificada e antidemocrática

O despotismo do PP intenta negarlle a voz ao BNG, facendo un uso caciquil do deber do Goberno Municipal de ceder o uso das instalacións municipais. No século XXI négaselle aos representantes do pobo calquera uso de instalacións públicas co que desenvolver a súa acción política e diaria.

Esta reacción do alcalde é represiva, caciquil e vulnera as máis mínimas normas de convivencia democrática. Non é comprensíbel que se deixen facer actos relixiosos e privados nestes recintos e por outro lado se lle denegue o uso aos representantes do pobo elixidos demo-



Casa da Cultura de Meis

cráticamente.

Por iso, o BNG acudiu ao Valedor do Pobo para que reconveña ao alcalde por esta discriminación, e ademais vai presentar unha iniciativa para que a Corporación municipal aprobe un regulamento de uso de todas as instalacións municipais, para evitar a arbitrariedade cometida polo PP e polo alcalde.

## O BNG defende en Meis unha saída á crise baseada na economía produtiva e nas políticas sociais

O BNG de Meis expuxo nun acto público a súa visión sobre a crise, así como unha serie de propostas para a saída da mesma.

No concello de Meis sufrimos de primeira man as políticas privatizadoras que levaron a crise, destacando nos últimos tempos medidas antisociais e caciquís, e seguen sen aplicarse políticas de reactivación dos sectores produtivos. Vendéronnos que ían arranxar Meis co campo de golf e co polígono industrial. E os veciños e veciñas preguntáronse onde están as promesas do alcalde? onde están os beneficios que ía traer o campo de golf ao concello? onde está o polígono industrial e os postos de traballo que prometeu hai xa máis de 10 anos?

O Partido Popular nunca adoptou no noso concello medidas para paliar esta situación. Así, podemos constatar a falta de interese en frear os efectos da mesma cando deixan paralizado un proxecto tan importante como é o Centro de Día, o que leva á perda de postos de traballo e agrava a situación das persoas de-

pendentes e das coidadoras. O mesmo sucede coa promesa da Escola Agraria que se ía situar na parroquia de Paradela ou coa planta de biomasa proposta polo BNG e que o Partido Popular non ten a intención de levar a cabo. Ou co proxecto que chegaron a inaugurar do tanatorio e piscina na parroquia de San Martiño.

O Partido Popular acaba de aprobar unha redución brutal nos orzamentos do Concello no que se refire a gasto social e en servizos esenciais dos que se podían beneficiar todos os veciños e veciñas de Meis. Resulta inadmisíbel como o Partido Popular, desde o Concello e a Deputación, invisten cartos públicos construíndo pousadas que van entregar a mans privadas para facer competencia desleal en toda a zona do Salnés, prexudicando seriamente á hostalaría local e contribuíndo aínda máis á crise do sector. Este non é o

camión a seguir.

O BNG defendeu que o Concello de Meis se adherise ao Consorcio para poder construír o Centro de Día (proxecto que o PP ten totalmente paralizado). Apostamos tamén pola potenciación dunha política forestal sustentábel, unha reactivación dos sectores primarios (hortofloricultura, gandeiro, agricultura ecolóxica...) e unha posta en valor do patrimonio histórico-artístico do noso concello, entre outras alternativas que poden traer benestar e beneficios aos habitantes do concello de Meis.



Acto informativo sobre a crise celebrado polo BNG en Meis

## As persoas maiores queren xa un Centro de Día en Meis



Sandra Carballa membro do Consello Local na Casa de Escudeiro

É imprescindible a construción do Centro de Día no noso concello. O PP de Meis, co alcalde á cabeza, non quere construír o centro e miente cando di que o proxecto non se chegou a realizar ou que nunca se levou a cabo o convenio de cesión do edificio para situalo. Ocúltalle á xente que, a través dunha proposta do BNG de Meis, o Concello adheriuse ao Consorcio e propuxo facelo na Casa de Escudeiro.

Estamos diante dun goberno local claramente antisocial, que concibe os servizos sociais como unha oportunidade de negocio para uns poucos e que privatiza todo o que pode con intención de beneficiar a quen lle interesa e deixar ás persoas máis desfavorecidas sen servizos. Un goberno que presume de dialogar pero practica o contrario e incumpe todos os acordos promovidos polo BNG que poden beneficiar aos veciños e veciñas.

O Centro de Día no noso concello é

imprescindíbel polas seguintes razóns: beneficia ás persoas enfermas que requiren de atencións e coidados específicos; axuda a mellorar a vida das persoas que teñen enfermos ao seu cargo, xa que as libera de estar única e exclusivamente a disposición dos dependentes; crea postos de traballo de calidade e estábeis no noso concello e supón unha mellora no ámbito rural das condicións de vida de todos e todas a respecto de outros núcleos de poboación, onde hai máis posibilidades de acceder a este tipo de servizos sociais.

O BNG defende que modelos para a prestación dos servizos sociais teñen que ser públicos, mentres o PP, facendo honra da súa ideoloxía, aposta pola privatización en prexuízo da calidade da asistencia: facer negocio coas persoas maiores. Trátase de facer dos servizos públicos, negocios privados; isto é o que nos está

presentado o Partido Popular tanto dende a Xunta de Galiza, como desde a Deputación e desde o Concello.

Por todo isto, é deber de todos e todas reclamarlle ao actual grupo de goberno do Partido Popular as xestións precisas diante da Xunta de Galiza para dispoñer do Centro de Día xa. E tamén é necesario recordarlle que queremos servizos públicos e de calidade con garantías para todos e todas e non negocios privados para uns poucos. Reclamamos que este proxecto siga adiante e se concrete no Centro de Día que tanta falta fai en Meis.

Desde o BNG estamos a traballar arreo cara a consecución de algo de tal importancia para os nosos veciños e veciñas. Deste xeito, a través do noso deputado, Bieito Lobeira, demandamos no Parlamento de Galiza que se constrúa o Centro de Día.

# Guillermo chama a rebelarse contra a ditadura dos mercados e as políticas de dereitas dos gobernos Zapatero e Feijóo



**Para o líder do BNG, “a economía ten que estar ao servizo da xente e non ao servizo dos especuladores e das grandes fortunas”. Guillermo Vázquez chama a rebelarse contra a ditadura dos mercados e as políticas de dereitas dos gobernos Zapatero e Feijóo.**

O portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, sinalou que “as saídas que se lle pretenden dar a esta crise están dirixidas a recortar os dereitos salariais e sociais, sen que se poña ningunha medida para corrixir as causas desta crise: a especulación financeira a nivel internacional”.

O déficit público no Estado non é consecuencia do gasto social, menor cá media dos Estados máis desenvolvidos da UE, senón da aplicación das políticas neoliberais e dos regalos fiscais ás clases privilexiadas.

“Estamos nunha situación tan preocupante que definimos como un au-

téntico golpe de Estado do capital financeiro especulativo contra as democracias, contra as maiorías sociais e, polo tanto, a imposición directa do que xa se chama ditadura dos mercados”, destacou.

A política de dereita de Zapatero no plano fiscal, como a eliminación do imposto de patrimonio e a rebaixa do tipo máximo do IRPF, combinada coa inxusta suba do IVE, desarmou fiscalmente o Estado e o acabou colocando en mans dos prestamistas privados internacionais, os chamados mercados.

A redución dos salarios dos funcionarios, a conxelación das pensións, a eliminación de dereitos dos dependentes e os retallos no investimento en infraestruturas teñen como obxectivo que o Estado aforre no gasto social para poder pagar os empréstimos á banca europea e os fondos de capital risco norteamericano.

### **O axuste será brutal para Galiza**

Son medidas letais para Galiza, porque no noso País temos salarios e pensións máis baixas e polo noso atraso histórico en infraestruturas. Case 20 anos despois da inauguración do AVE Madrid-Sevilla, o Estado español aínda non rematou a conexión de Galiza coa Meseta nin o Eixo Atlántico.

Diante deste panorama, “o BNG trata de difundir a súa alternativa, unha posibilidade distinta de saída á crise económica e, polo tanto, é necesario para iso a rebelión social”, dixo Guillermo Vázquez. “Hai que rebelarse ante unhas medidas que nos retrotraen a principios do século pasado se se lles deixa seguir para adiante”, indicou.

### **Hai alternativa: construímos a esperanza**

É posíbel unha saída xusta á crise, cando a economía produtiva se impoña á especulativa, cando unha reforma fiscal progresista grave a economía do pelotazo e as grandes fortunas, cando mude a fondo o sistema financeiro, para que a banca volva dar créditos a particulares e empresas.

Construír a esperanza é traballar por políticas nacionalistas e progresistas, fronte ao proxecto neoliberal que defenden os gobernos Feijóo e Zapatero.

Mentres o BNG defende os intereses da inmensa maioría da xente, PP e PSOE traballan para que unha minoría manteña os seus privilexios. Estamos certos de que o pobo galego tomará nota e actuará en consecuencia.

Descarga o folleto  
“Unha saída xusta á  
crise é posíbel”  
en:  
[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)

### **Como contactar co BNG de Meis:**

[bngmeis@gmail.com](mailto:bngmeis@gmail.com)

Local comarcal: Rúa Edelmiro Trillo, 19-ofc. B

36600 Vilagarcía

Tlf/Fax: 986 565 059

Correo: [salnes@bng-galiza.org](mailto:salnes@bng-galiza.org)

